



### CONCELLOS

#### BALEIRA

##### *Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 19/12/2023 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **6º bimestre do 2023**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/01/2024 e 29/02/2024 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/01/2024. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 19 de decembro de 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3988

### BECERREÁ

##### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 19/12/2023 prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 21/02/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 19 de decembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3989

---

## **BEGONTE**

### *Anuncio*

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns anuais, cuadrimestrais e do mes de decembro de 2023, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2023/2024, por un importe total de 4.725,76€.

Ospadróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 19 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3990

---

## **CHANTADA**

### *Anuncio*

### **OFERTA DE EMPREGO PUBLICA 2023 DO CONCELLO DE CHANTADA**

Por resolución de alcaldía de data 19/12/2023 se aprobou a oferta de emprego público para 2.023 do concello de Chantada, de acordo coa normativa para o efecto.

Segundo o disposto no artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no artigo 204 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, procédese á publicación da oferta de emprego público do ano 2023 seguinte:

Funcionarios de carreira:

GRUPO	NIVEL	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN	SISTEMA DE ACCESO
C2	18	1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	PROMOCION INTERNA
C1	20	1	OFICIAL POLICIA	PROMOCION INTERNA
C1	21	1	ADMINISTRATIVO	PROMOCION INTERNA
A1	26	1	ARQUITECTO	LIBRE

Chantada, 20 de decembro do 2023.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 3991

### *Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada, na sesión do día 14/12/2023 acordou aprobar inicialmente a modificación das tarifas do servizo de auga e sumidoiros, coa conseguinte modificación das ordenanzas correspondentes.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días, na Secretaría deste Concello , periodo durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 15 de decembro do 2023.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3992

## O INCIO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 27/10/2023 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por recollida de lixo.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO**

##### **Artigo 1º.- Fundamento natureza.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 26 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de de marzo, este Concello establece a "Taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

##### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e se excluen de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascotes de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á Tasa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de cascotes de obras.

### Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuinte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquélas, beneficiarios do servizo.

### Artigo 4º.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 35.5 e 41 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 5º.- Bonificacións.

Os suxeitos pasivos que con arranxo á Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán das bonificacións seguintes:

#### Familia numerosa de categoría xeral:

Bonificación do 80% na cota íntegra da Taxa por recollida de lixo.

#### Familia numerosa categoría especial:

Bonificación do 90% na cota íntegra da Taxa por recollida de lixo.

A concesión das bonificacións establecidas neste artigo realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda.

As bonificacións establecidas neste artigo terán unha duración de cinco anos, sendo aplicables a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

A bonificación na cota tributaria da Taxa por recollida de lixo será compatible con calquera outro beneficio fiscal que poda establecer ou aprobar neste Concello.

Establécese unha bonificación do 90% nas tarifas desta taxa para os edificios que sen estar en ruina teñan a condición de non habitables ou utilizables.

A estes efectos terán a condición de non habitables ou utilizables os que, sen estar en ruina, presenten un estado de deterioro que non permita unha utilización digna e non contén con subministro de auga ou electricidade.

### Artigo 6º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	EUROS/TRIMESTRE
Por cada vivenda	21,05
Locais comerciais	21,05
<b>Aloxamentos e similares</b>	
de 0 a 5 habitacións	21,05
de 6 a 10 habitacions	42,10
de 11 a 15 habitacións	63,15
de 16 a 20 habitacións	84,20

de 21 a 25 habitacións	105,25
de 26 a 30 habitacións	126,30
de 31 a 35 habitacións	147,35
de 36 a 40 habitacións	168,70
de 41 a 45 habitacións	189,45
de 46 a 50 habitacións	210,50
a partir de 51 habitacións	231,55

Enténdese por aloxamentos e similares: hoteis, casas de turismo rural, albergues, hostais, residencias, vivendas de uso turístico.

2. As cotas sinaladas na Tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a 3 meses.

#### **Artigo 7º.- Devengo**

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuintes suxeitos a Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da Taxa se teña producido con posterioridade a dita data, en cuxo caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

#### **Artigo 8º.- Declaración e ingreso**

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando, ao efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación de interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data na que se teña efectuado a declaración.

O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

A bonificación establecida no artigo 5.1 deberá ser solicitada polo interesado, quen aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de subministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa proveedora, nin auga potable, sexa esta servida polo Concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos ou similares). De rematar a situación de inhabitable deberá comunicarllo ao Concello do Incio.

#### **Artigo 9.- Infraccións e sancións**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

#### **DISPOSICION TRANSITORIA**

Durante o exercicio de 2024, con efectos de 1 de xaneiro, e mentres se manteña a rebaixa do canon a satisfacer a SOGAMA, aplicarase aos usuarios a bonificación na mesma porcentaxe sobre a taxa polo servizo de recollida de lixo.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día vinteseite de outubro de dous mil vintetrés e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Incio, a 20 de decembro de 2023.

O Incio, 20 de decembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, Héctor M. Corujo González.

R. 3993

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 27/10/2023 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por subministro de auga.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobaou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA**

##### **Artigo 1º.- Feito imponible**

De conformidade co previsto no artigo 2.1.b e 57, en relación co artigo 20.1.B e 20.4.t, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa polo suministro de auga a vivendas e locais (exclúense grandes instalacións industriais), incluídos os dereitos de entronque, que se rexerá pola presente Ordenanza.

##### **Artigo 2º.- Suxeitos pasivos**

1.- Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da LXT, que soliciten ou resulten beneficiadas de modo particular polos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

2.- Terán a consideración de suxeito pasivo sustituto de contribuínte os propietarios das vivendas, locais ou explotacións, que poderán repercutir, no seu caso, sobre os beneficiarios de dito servizo.

##### **Artigo 3º.- Cota Tributaria**

A cota tributaria da Taxa regulada nesta Ordenanza será fixada na Tarifa seguinte:

CONCEPTOS EUROS

Cota fixa 1,50 €/mes

CONSUMOS:

Ata 20 metros cúbicos mensuais 1,00 €/ m<sup>3</sup>

De 21 m<sup>3</sup> en diante 1,14 €/m<sup>3</sup>

Dereitos de entronque provisional 100,00 €

Dereitos de entronque definitivo 700,00 €

Dereito de enganche 60,00 €

COTA POR CAMBIO DE CONTADOR: 60€

Aos efectos desta Ordenanza enténdese por entronque cada unha das conexións feitas á rede municipal, e por enganche cada un dos enganches particulares ao mesmo entronque.

A cota de enganche inclúe a instalación de contador ou medidor do caudal de suministro de auga.

Os veciños que non contén co servizo municipal e se abastezan habitualmente con pozos ou redes de abastecemento particular ou comunitario, que por escasez ou seca demanden auga municipal, no caso de que estea asegurado o subministro aos aboados ao servizo municipal, o concello poderá subministrarlles auga previo o pago dunha taxa de 2,00 €/m<sup>3</sup>.

##### **Artigo 4º.- Período impositivo e devengo**

1.- A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace desde que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizarase con periodicidade trimestral.

2. O pago da dita taxa efectuarase no momento da presentación, ao obrigado a realizado, da correspondente factura.

3. As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

4. Cando por un consumo excesivo a contía da taxa exceda a cantidade de 300,00 €, o concello poderá, a solicitude do interesado, conceder un fraccionamento do pago en 10 cotas por cada 1.000,00 € ou fracción.

#### **Artigo 5º.- Bonificacións**

Os suxeitos pasivos que con arranxo á Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutará das bonificacións seguintes:

##### **- Familia numerosa de categoría xeral:**

Bonificación do 80% na cota íntegra da taxa polo suministro de auga.

##### **- Familia numerosa de categoría especial:**

Bonificación do 90% na cota íntegra da taxa polo suministro de auga.

A concesión da bonificación establecida neste artigo realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda.

As bonificacións establecidas neste artigo terá unha duración de cinco anos, sendo aplicable a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

A bonificación na cota tributaria da taxa por subministro de auga será compatible con calquera outros beneficios fiscais que poda establecer ou aprobar neste Concello.

Os cemiterios veciñais e os locais sociais dos veciños, previo recoñecemento do seu interese ou función social pola Xunta de Goberno, terán unha bonificación do 100% no dereito de entronque.

#### **Artigo 6º.- Normas de xestión.**

a) A solicitude de conexión á rede de suministro de auga no caso de vivendas novas deberá vir acompañada do Boletín de instalación expedido por el profesional competente. No suposto de vivendas construídas cunha antigüidade superior a seis (6) anos será suficiente a presentación dun informe técnico acreditativo de que a instalación reúne as condicións necesarias para a súa conexión á rede.

b) Considérase entronque á rede as obras necesarias (pinchazo da rede, instalación de collarín, tubería de acometida de corte) para conectar mediante a acometida, desde o trazado da rede xeral ao límite da edificación con tubería de P.V.C., cunha lonxitude máxima de 5 metros. Se a distancia de conexión fose maior de 5 metros considerárase un ramal da rede xeral, correndo os custos de conexión a cargo do usuario, que deberá seguir as especificacións técnicas do Concello para garantir unha correcta realización das obras. Os custos de instalación dos entronques provisionais serán a cargo do propietario ou promotor das obras.

c) A instalación do contador ou medidor do caudal de suministro de auga, será competencia deste Concello.

d) A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou averiados será executada por persoal do concello, repercutindo os custos ao aboado según as tarifas especificadas nesta ordenanza.

e) Os contadores estarán colocados a unha altura da rasante da rúa ou beirarrúa de entre 40 e 60 cm., de libre acceso para a súa lectura e consecuentemente no límite da propiedade privada coa rúa ou camiño público. A titularidade da instalación existente deste o contador ata a vivenda ou construción corresponde ao aboado, sendo por conta deste os custos de reparación ou reposición que requira.

f) O aboado estará obrigado a facilitar o acceso ao contador ao persoal encargado da súa lectura.

g) Todos os propietarios de obras ou promotores das mesmas que requiran unha toma de auga provisional deberán solicitar autorización municipal suxeita ao pago da tarifa por entronque provisional e ás cotas reguladas no artigo 3º da presente Ordenanza.

Cando a xuízo dos Servizos Municipais se considere concluída a obra procederase ao precinto do contador do entronque provisional. En todo caso estimarase acabada a obra na data do vencemento do prazo de vixencia da licenza da obra.

h) Ás vivendas, locais ou obras que non estivesen provistas de contador e enganchadas á rede aplicaráselles unha sanción de 300,00 €.

i) Aos propietarios de vivendas, locais ou obras, por manipulación do contador ou de calquera outro elemento do mesmo, aplicaráselle unha sanción de 500,00 €.

j) Os titulares de explotacións agrícolas, forestais ou gandeiras que, de conformidade co artigo 10.1.c) do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de canon da auga e do coeficiente da vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, non se atopan suxeitos ao canon da auga, poderán solicitar un contador individualizado para o citado uso, que deberá cumprir as condicións previstas nesta Ordenanza e acreditar a súa condición de tales.

k) O impago de dous trimestres consecutivos ou non consecutivos dará lugar ao corte de subministro de auga, sempre previa audiencia ao interesado, por prazo de 15 días hábiles, producíndose a recuperación do servizo unha vez aboados os importes pendentes de pago.

#### **Artigo 7.- Infraccións e sancións**

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

#### **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día vinteseite de outubro de dous mil vintetrés e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Incio, 20 de decembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, Héctor M. Corujo González.

R. 3994

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SANEAMENTO E REDE DE SUMIDOIROS**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 27/10/2023 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por saneamento e rede de sumidoiros.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E REDE DE SUMIDOIROS**

##### **Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por saneamento e rede de sumidoiros que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

##### **Artigo 2.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non están suxeitos á taxa os inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de solar ou terreo.

##### **Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

- a) Cando se trate da concesión da licenza da acometida da rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do Concello beneficiarias dos devanditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

##### **Artigo 4.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.



2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5.- Cota tributaria.**

1.A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización da acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade de 60,00€. Esta cota incluírá a conexión á rede e 10 metros de prolongación.

As obras de prolongación á rede, a partir de 10 metros, serán con cargo ós aboados, cuxa execución compete a este Concello. A cota por metro lineal será de 30,00€.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de saneamento e rede de sumidoiros establécese nas seguintes contias:

2.A.- INMOBLES SEN SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL:

TAXA FIXA ANUAL ---- 48,00 €

2.B.- INMOBLES CON SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL:

TAXA FIXA ANUAL----- 12,00 €

TAXA VARIABLE, EN FUNCIÓN DO CONSUMO DE AUGA:

- ATA 60 M3----- 0,15 €/M3

- A PARTIR DE 61 M3----- 0,25 €/M3

#### **Artigo 6.- Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención nin ningunha bonificación na exacción da presente taxa.

#### **Artigo 7.- Devengo.**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose esta:

a) Na data de presentación da solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachadas ás rúas, prazas ou vías públicas nas que existan sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de dez metros e non existan razóns técnicas que impidan a conexión á dita rede. Devengarase a taxa mesmo cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

#### **Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso.**

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse mediante recibos por períodos de TRES meses.

3. No suposto da licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos que se sinalen no Regulamento Xeral de Recadación.

#### **Disposición final:**

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día vinteseite de outubro de dous mil vintetrés e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Incio, 20 de decembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, Héctor M. Corujo González.

R. 3995

## NAVIA DE SUARNA

### Anuncio

Concluído o proceso selectivo para o ingreso en prazas incluídas na OEP do ano 2022 do Concello de Navia de Suarna, Taxa Adicional de Estabilización de Emprego Temporal (Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de Decembro), para ocupar as prazas denominadas AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR, sete prazas a tempo completo e unha a tempo parcial, a Alcaldía resolveu con data 19 de decembro de 2023, nomear a dona María de los Ángeles López González, dona Perfecta Álvarez López, dona María de las Nieves González Yañez, dona Montserrat Álvarez Álvarez, dona Eva María Fernández López, dona María José Blanco Fernández e dona María Oliva López Díaz, como persoal laboral a tempo completo e a dona Esther Díaz Queipo, como persoal laboral a tempo parcial, do Concello de Navia de Suarna.

A toma de posesión para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun (1) mes, dende o día seguinte ó da publicación do citado anuncio no BOP de Lugo.

Navia de Suarna, 20 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3996

## A PASTORIZA

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente administrativo de modificación de crédito créditos nº 2023.24, na modalidade de transferencia de crédito entre partidas pertencentes a distintas áreas de gasto, aprobado inicialmente en sesión ordinaria celebrada polo Concello o día 16 de novembro de 2023, e non téndose presentado reclamación administrativa algunha contra o mesmo durante o período de exposición ao público, considérase definitivamente aprobado, sendo o resumo da modificación por capítulos o seguinte:

Aplicación		Descrición	Aumento	Diminución
Progr.	Económica			
333.	22799	Equipamentos culturais outros traballo realizados por empresas particulares		-33.000,00
920	.63200	Admón.xeral .Edificios e outras construcións	13.400,00	
920.	62500	Admón.xeral.Mobiliario	6.000,00	
920	62600	Admón.xeral Equipos para procesos de información.	5.000,00	
920.	22699	Admón.xeral. Outros gastos diversos.	8.600,00	
		<b>TOTAL</b>	<b>33.000,00</b>	<b>-33.000,00</b>

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos núm. 2023.24 do orzamento para o ano 2023, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, consonte ao establecido no artigo 171 por remisión do art. 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pastoriza, 20 de decembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3997

## TRABADA

### Anuncio

#### APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TRABADA PARA O ANO 2024 NO BOP LUGO

Por Resolución de Alcaldía número 588/2023 de data 21 de decembro de 2023 aprobouse a Oferta de Emprego Público para o ano 2024 do Concello de Trabada. A Resolución de Alcaldía establece literalmente o seguinte:

*“Visto que se aprobou de maneira inicial polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada en data 29 de novembro de 2023, o Orzamento Municipal para o ano 2024, xunto coa Plantilla de Persoal desta Corporación, estando pendente de publicación definitiva no BOP de Lugo para a súa entrada en vigor;*

*Visto que, na citada Plantilla de persoal aprobada conxuntamente co orzamento, figuran como vacantes diversas prazas, cuxa cobertura, por promoción interna se considera necesaria no presente exercicio para o bo funcionamento dos servizos municipais.*

*Vista a Relación de Postos de Traballo do Concello de Trabada que foi aprobada de maneira definitiva na sesión ordinaria de Pleno celebrada en data 1 de decembro de 2021 e publicada de maneira definitiva no BOP de Lugo en data 31 de decembro de 2021 ( BOP número 299 )*

*Vista a memoria, no que se especifica que neste caso non é aplicable a taxa de reposición xa que as prazas vacantes serían cubertas mediante procesos de promoción interna, non aumentando a plantilla efectiva de persoal, e polo tanto poderían ser obxecto de Oferta Pública de Emprego.*

*Visto o informe de Secretaría- Intervención de data 21 de decembro de 2023 no que se verifica o cumprimento da normativa aplicable.*

*Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:***

**PRIMEIRO.** *Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2024, que contén os seguintes postos de traballo:*

#### **PERSOAL LABORAL FIXO:**

DENOMINACIÓN	TOTAL PRAZAS	CORPO/ ESCALA	GRUPO/ SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN
Oficial servizos múltiples maquinista e conductor.	1	Oficial	C/ C2	Escala Adm. Especial Subescala Serv.Especiais
Conserxe-Oficial servizos múltiples e conductor	1	Oficial	C/C2	Escala Adm. Especial Subescala Serv. Especiais

**SEGUNDO.** *Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia ós efectos oportunos.*

**TERCEIRO.** *Proceder á convocatoria das prazas ofertadas en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación.*

**CUARTO.** *Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria plenaria.”*

Trabada, 21 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, Mayra Garcia Bermúdez

R. 3999

## O VICEDO

### Anuncio

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o expediente nº 14/23 de modificación do presuposto municipal de gastos para 2023, consonte ó acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2023, ascendendo o seu importe á cantidade de DOUSCENTOS OITENTA E TRES MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (283.264,75 euros), de conformidade co

preceptuado e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do devandito presuposto queda da forma seguinte:

Capítulo I, Gastos de persoal:	1.337.669,22
Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos:	928.187,12
Capítulo III, Gastos financeiros:	1.311,48
Capítulo IV, Transferencias correntes:	81.736,43
Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos:	-----
Capítulo VI, Investimentos reais:	3.326.458,66
Capítulo VII, Transferencias de capital:	18.174,68
Capítulo VIII, Activos financeiros:	-----
Capítulo IX, Pasivos financeiros:	-----
SUMA TOTAL:	5.693.537,59

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do expediente nº 14/23 de modificación de presuposto municipal de gastos para 2023, poderase interpor directamente recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso - administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 20 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3998

## VILALBA

### Anuncio

Procédese á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do literal do Decreto ditado polo Concelleiro delegado en Urbanismo, Mobilidade, infraestructuras rurais e desenvolvemento industrial, Modesto Renda Santiso, de data 15 de Decembro de 2023 con número 2023-1216, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, de conformidade co cal serán obxecto de publicación aqueles actos que teñan por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas ou cando a Administración estime que a notificación efectuada a un solo interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos, sendo, neste último caso, adicional a individualmente realizada:

*“Visto que en data 29 de Decembro de 2017 don José Manuel Ansede Queija, presenta solicitude para que por parte do Concello se tramite unha modificación puntual das normas subsidiarias e complementarias de planeamento, en concreto a ampliación do Núcleo rural de Penahedrade. O interesado aporta proxecto correspondente, con copias .*

*Neste concello obra expediente 2/2018 no que se da tramite a “Ampliación da Delimitación do Núcleo Rural de Penahedrade”. Obra no expediente a documentación correspondente da tramitación levada a cabo.*

*En data 14 de marzo de 2019 realizase no Diario Oficial de Galicia publicación do expediente mediante a cal o concello someterá o expediente de delimitación a información pública por prazo mínimo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrales dos terreos afectados.*

*As publicación nos diarios fanse en data 26/02/2019 no diario El Progreso , e en data 26/02/2019 no diario La Voz de Galicia.*

*Consta no expediente a identificación das parcelas afectadas, e os titulares das mesmas, de acordo co determinado na Lei do Solo de Galicia, 2/2016 de 10 de febreiro artigos 78 e seguintes.*

*En datas 3 de Xullo de 2022 e 29 de xuño de 2021, o interesado e promotor do expediente que nos ocupa, instando a este concello a continuación da tramitación e impulso correspondente para a resolución e Delimitación do Núcleo Rural de Penahedrade.*

Visto que en data 27 de xaneiro de 2022 don José Manuel Ansede Queija a través da súa representación procesal, interpón recurso contencioso-administrativo contra a inactividade do concello de Vilalba sobre a delimitación de suelo de núcleo rural de Penahedrade, a que se lle da debido trámite no Procedemento Ordinario con número 0000035/2022 -P-, no Xulgado Contencioso Administrativo n.º 2 de Lugo.

Visto que en data 3/10/2023 con número de rexistro de entrada 2023-E-RC-4553, a Organización territorial de Xustiza de Lugo, remite a este concello certificación da sentenza de data 13/01/2023 dictada no recurso que ten carácter firme así como copia da dictada en Apelación. Procedemento ordinario 0000035 /2022-P.

Visto o fallo de ambas dúas sentencias remitidas ao concello e que en síntese, e en aplicación do artigo 78 que nos ocupa, recoñecen o seguinte.

“Vista esta regulación legal debe concluirse que, en contra de lo pretendido por el recurrente, no es de aplicación al presente caso el concreto régimen jurídico de los planes de desarrollo a iniciativa particular, ya que lo pretendido no es la aprobación de un plan de desarrollo para cuya promoción están legitimados los particulares, sino una modificación de las Normas Subsidiarias de Planeamiento para redelimitar un núcleo rural, lo cual no constituye un procedimiento para cuya promoción estén legitimados los particulares, tratándose de un procedimiento que se inicia de oficio por la Administración, en el ejercicio del ius variandi, y que debe fundamentarse en razones de interés público debidamente justificadas, como cualquier modificación del planeamiento urbanístico, de conformidad con el artículo 83 LSG.

Tal y como argumenta la sentencia apelada, no hay identidades de razón con el régimen del planeamiento de desarrollo de los planes generales, donde se contempla expresamente la legitimación de los particulares para su promoción, y en cuyo marco se reconoce por la jurisprudencia invocada por el apelante el derecho al trámite, asociado al derecho de los particulares para presentar ante la Administración documentos para iniciar el trámite del planeamiento de desarrollo.”

Visto que en data 3/10/2023 o Xulgado Contencioso Administrativo n.º 2 de Lugo, remite certificación das sentencias de data 13/01/2023 e que ten carácter de firme, así como copia da dictada en Apelación, emite o seguinte fallo

“I. Debo estimar y estimo en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D<sup>a</sup> María del Carmen Riveiro Merino, Procuradora de los Tribunales y de D. José Manuel Ansede Queija, en su propio nombre y en representación de la Comunidad hereditaria de D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Consuelo Ansede Queija, frente al concello de Vilalba, en el sentido de reconocer al recurrente el derecho a que Administración le proporcione una respuesta motivada en derecho sobre el estado de la tramitación del expediente de modificación de los límites del núcleo rural de Penahedrade en el que presento alegaciones y proyecto concreto de delimitación, debiendo la Administración pasar por esta delimitación.”

Visto o establecido no artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que establece o seguinte sobre a obriga de resolver.

“Artigo 21. Obligación de resolver.

1. A Administración está obrigada a dictar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación. “

Ademais no presente caso terásese en conta que considerando a complexa casuística na identificación de interesados nos expedientes administrativos urbanísticos como o que nos ocupa, resulta procedente dar a coñecer o presente acordo a todos os interesados mediante a correspondente publicación, dadas as seguintes advertencias básicas:

Conforme ao artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos serán obxecto de publicación, fornecendo esta os efectos da notificación, en todo caso: «cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas ou cando a Administración estime que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos, sendo, neste último caso, adicional á individualmente realizada».

A vista do exposto e do contido das sentenzas dictadas polo Xulgado do contencioso Administrativo n.º 2 de Lugo e en recurso de apelación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte coas mesmas procede RESOLVER:

**Primeiro:** Desestimar a modificación de delimitación do núcleo rural de Penahedrade solicitado por don Jose Manuel Ansede Queija en data 29/12/2017 mediante rexistro de entrada con número 2017/E/RC/7787, ao non apreciar interés suficiente para continuar coa tramitación do expediente que nos ocupa.

**Segundo:** Ordenar a publicación do presente acordo no BOP para o seu debido coñecemento a todos aqueles que poidan resultar afectados pola presente resolución.

**Terceiro:** Dar traslado desta resolución ao Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 2 de Lugo, en cumprimento da sentenza dictada en data 13 de xaneiro de 2023.

**Cuarto:** Notificar a presente resolución con indicación dos recursos que procedan, ao interesado don Jose Manuel Ansede Queija.”

Vilalba, 20 de decembro de 2023. A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 4000

## VIVEIRO

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 -Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art.2 da lei 20/2021, do 28 de decembro),cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do xoves, 26 de xaneiro de 2023, Núm. 22, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **"OFICIAL/A PRIMEIRA CONDUCTOR"**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **"OFICIAL /A PRIMEIRA CONDUCTOR"**, persoal laboral.

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos**

*A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega, así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable..."*

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

## RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE "OFICIAL/A PRIMEIRA CONDUCTOR".

## A) ADMITIDOS:

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ALVAREZ HERMIDA ANDRÉS	EXENTA
2	FRA FERNANDEZ JOSE RAMON	EXENTA
3	GALLEGO BOUZA PEDRO	EXENTA
4	RODRÍGUEZ PIÑÓN JULIO CESAR	EXENTA
5	YÁÑEZ DEL RIO LUCIA	EXENTA
6	YÁÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	EXENTA

## B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	RIVERA PARDIÑO JESÚS MARÍA	EXENTA	<p>Non cumprimentar debidamente o Anexo II (Base Xeral pto. 5.4):  <b>"(...)Cumprimentación.A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases"</b> e segundo se establece nas mesmas.  <b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b></p> <p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral pto. 6 b) <b>"(...) b) Copia cotexadaou copia auténtica da Titulación académica esixidanas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela..."</b> <b>"(...)Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao (FP1) ou equivalente..."</b>  <b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b></p>
2	TORIZA PÉREZ RAFAEL	EXENTA	<p>Non cumprimentar debidamente o Anexo II (Base Xeral pto. 5.4):  <b>"(...)Cumprimentación.A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases"</b> e segundo se establece nas mesmas.  <b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b></p>

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que podan emendarse as

deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

**SEGUNDO.-** Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
RIVERA PARDIÑO JESÚS MARÍA	<b>Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.</b>

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta Resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Viveiro, 19 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3983